

## OUTRAS AXUDAS SOCIAIS

### SUBSIDIO DE XUBILACIÓN

Prestación económica de pagamento único que percibe o mutualista na data da súa xubilación forzosa por idade ou por incapacidade permanente para o servizo.

### SUBSIDIO POR DEFUNCIÓN

Prestación de pagamento único que se aboa aos beneficiarios cando se produce o falecemento dun mutualista.

### AXUDA DE ENTERRO

Prestación de pagamento único destinada a sufragar os gastos de enterro polo falecemento dun beneficiario ou do titular dun documento asimilado ao de afiliación.

### AXUDAS ASISTENCIAIS

Destinadas aos mutualistas e aos titulares do documento asimilado ao de afiliación cando se encontren en determinados estados ou situacións de necesidade, non cubertos por outras prestacións, e carezan dos recursos indispensables para facerlles fronte.

### PRESTACIÓNS POR ESTUDOS UNIVERSITARIOS

O programa de Acción Formativa está actualmente dedicado á renovación das bolsas de residencia para fillos e orfos de mutualistas destinadas a cubrir parte dos gastos de residencia nun colexio maior, residencia universitaria ou equivalente. Ademais inclúese, para os efectos da súa publicidade, a convocatoria de bolsas para cursar estudos de Enxeñaría Agronómica Superior ou de grao equivalentes con cargo ao legado Casado de la Fuente, destinadas aos fillos ou orfos de mutualistas mestres en medios rurais.

## OUTROS SERVIZOS

### PODOLOXÍA BÁSICA PARA MUTUALISTAS E BENEFICIARIOS

O convenio entre o Consello Xeral de Colexios Oficiais de Podólogos e MUFACE, permite que os mutualistas e beneficiarios da mutualidade poidan ser atendidos nos tratamentos de quiropodía básica a un prezo máximo de 20,00 euros por consulta.

### SERVIZOS CENTRAIS

Mutualidad General de Funcionarios Civiles del Estado  
Pº Juan XXIII, 26 28040 Madrid

### SERVIZOS PROVINCIAIS E OFICINAS DELEGADAS

Os enderezos e teléfonos dos Servizos Provinciais e das Oficinas Delegadas de MUFACE poden consultarse en:  
<http://www.muface.es/content/servicios-provinciales-y-oficinas-delegadas>

Horario de atención ao público de luns a venres,  
de 9:00 a 14:00 horas

### OFICINA DE INFORMACIÓN AO MUTUALISTA

Teléfonos de información: 912 739 950 y 912 734 999  
(luns a xoves de 9 a 18 h); venres de 9 a 14 h.  
Horario de verán (do 16 de xuño ao 15 de setembro):  
luns a xoves de 8:30 a 14:30; venres de 9 a 14 h.

Formulario de información para consultas

[www.muface.es](http://www.muface.es)



# Axudas e Prestacións sociais



NIPO 636-15-036-7

Abril 2015

## PROTECCIÓN POR INCAPACIDADE

### SUBSIDIO POR INCAPACIDADE TEMPORAL (IT)

Prestación para mutualistas titulares que se encontren en situación de IT, a partir do día 91º dende o inicio da situación. A contía é fixa e invariable, en tanto non se extinga, e será a maior das dúas cantidades seguintes:

- O 80% das retribucións básicas devindicadas (soldo, trienios e grao, se é o caso), incrementadas na sexta parte dunha paga extraordinaria, correspondente ao terceiro mes de licenza.
- O 75% das retribucións complementarias devindicadas no terceiro mes da licenza.

O importe máximo abonable terá como límite as retribucións complementarias íntegras devindicadas no terceiro mes de licenza.

### LESIÓNS PERMANENTES NON INVALIDANTES

Aboamento dunha indemnización, por unha soa vez, por lesións causadas por enfermidade profesional ou accidente en acto de servizo.

### GRANDE INVALIDEZ

Aboamento ao mutualista dunha cantidade mensual igual ao 50% da pensión que lle corresponda percibir segundo a lexislación vixente.

### SUBSIDIO POR RISCO DURANTE O EMBARAZO (RE) E RISCO DURANTE A LACTACIÓN NATURAL (RLN)

Prestación económica que poden solicitar as mutualistas titulares que se encontren en situación de RE ou RLN, a partir do día 91º dende o inicio da situación. A contía, en ambos os dous casos, consiste no 100% das retribucións complementarias devindicadas no terceiro mes de licenza.

## PRESTACIÓNS FAMILIARES

### AXUDA POR PARTO MÚLTIPLE

#### **Subsidio especial por maternidade en caso de parto, adopción ou acollemento múltiples**

Axuda de pagamento único á que teñen dereito os mutualistas nos supostos de feito legalmente establecidos de parto ou adopción múltiples. A súa contía é o 100% da base de cotización correspondente ao día do feito causante por 42 días (seis semanas de descanso obrigatorio) calculada en función do número de fillos ou menores acollidos simultaneamente a partir do segundo.

#### **Prestación económica de pagamento único por parto ou adopción múltiples**

Axuda de pagamento único á que teñen dereito os mutualistas nos supostos de feito legalmente establecidos de parto ou adopción múltiples. A súa contía é o pagamento de 4, 8 ou 12 veces o Salario Mínimo Interprofesional mensual vixente ao día do nacemento ou data da resolución xudicial de adopción segundo sexan dous, tres ou máis fillos causantes.

Estas dúas axudas son, con carácter xeral, compatibles entre sí.

### PRESTACIÓN POR FILLO OU MENOR ACOLLIDO A CARGO CON DISCAPACIDADE

Asignación económica mensual que se establece en función da idade, do grao de discapacidade e da necesidade do concurso doutra persoa do fillo ou menor acollido con discapacidade.

## AXUDAS DE PROTECCIÓN SOCIOSANITARIAS

### AXUDAS PARA A AUTONOMÍA PERSOAL

Contribución ao custo dos servizos, actividades ou medios técnicos que necesiten as persoas con discapacidade ou dependentes.

Existen tres modalidades:

- Axudas para mantemento e potenciación da capacidade residual.
- Axudas para a eliminación de barreiras arquitectónicas.
- Axudas para medios técnicos.

### ATENCIÓN A ENFERMOS PSIQUIÁTRICOS CRÓNICOS

Consiste nunha prestación económica destinada aos mutualistas e beneficiarios que necesiten permanecer en ambiente controlado en hospitais, centros ou unidades de carácter psiquiátrico.

### ATENCIÓN A PERSOAS DROGODEPENDENTES

Prestación económica destinada aos titulares e beneficiarios que precisen tratamento integral da drogodependencia dirixido á rehabilitación e reinserción sociolaboral.

### ESTADÍAS TEMPORAIS EN RESIDENCIAS ASISTIDAS OU EN CENTROS DE DÍA E DE NOITE

Axuda económica dirixida a contribuír ao financiamento dos gastos orixinados polas devanditas estadias. A súa contía mensual máxima está en función da capacidade económica do mutualista.

Existen dúas modalidades:

- Axudas para estadias en residencias asistidas.
- Axudas para asistencia a centros de día e de noite.

### AXUDAS PARA ENFERMOS CELÍACOS

Trátase dunha prestación económica destinada á compra de produtos alimenticios preparados especialmente para responder ás necesidades nutricionais das persoas con enfermidade celíaca.

### AXUDAS PARA ENFERMOS ONCOLÓXICOS

Prestación económica para os mutualistas e beneficiarios destinada á compra de prótese capilar e de suxeitador/es postmastectomía.

### AXUDAS DE PROLONGACIÓN DE EFECTOS

Renovación das axudas concedidas en anos anteriores, previa solicitude do interesado.